



BASES DO CAMPAMENTO DE VERÁN

1. O **CAMPAMENTO DE VERÁN** é unha proposta do Concello de Pontecesures que pretende non só ocupar o tempo de lecer dos nosos cativos, senón permitir ás familias compaxinar a vida familiar e laboral.

2. O Campamento de Verán está **DIRIXIDO** a nenos e nenas con idades comprendidas entre 3 e 12 anos (ambos inclusive).

3. O **SERVIZO** desenvolverase entre o 1 de xullo e o 31 de agosto nas instalacións do CPI de Pontecesures situado na rúa Avelino Pousa Antelo, 2 – Pontecesures.

4. **PODERÁN UTILIZAR O SERVIZO** as nenas e nenos empadroados ou non no Concello de Pontecesures. Os prezos de inscrición por quenda serán:

Nº irmáns	Empadroado/a	Non empadroado/a
1º neno/a	25 €	40 €
2º neno/a	20 €	35 €
3º neno/a	18 €	30 €
4 e seguintes	Gratis	15 €

5. O **HORARIO DO SERVIZO** será de 09:30 a 13:30 horas. Os nenos e nenas terán que ser entregados entre as 09:30 e as 10:00 h e recollidos entre as 13:00 a as 13:30 horas.

6. As **QUENDAS**, quedan distribuídas do seguinte xeito (DE LUNS A VENRES):

- ☛ Primeira quenda. Do 1 ao 15 de xullo.
- ☛ Segunda quenda. Do 16 ao 31 de xullo.
- ☛ Terceira quenda. Do 1 ao 15 de agosto.
- ☛ Cuarta quenda. Do 16 ao 31 de agosto.



7. NÚMERO DE PRAZAS que se oferta é de 60 usuarios por quenda. No caso de haber máis solicitudes que prazas poderase ampliar esta cifra. Para que o servizo se leve a cabo deberá haber un número mínimo de 15 solicitudes por quenda .

8. FORMALIZACIÓN DA SOLICITUDE .

A petición de admisión no servizo realizarase cubrindo a ficha de inscrición e aportando a documentación que se require en dita solicitude que poderán recoller nas dependencias do Concello de Pontecesures sita na Av. de Vigo, 2 - Pontecesures, tfno. 986 55 71 25 en horario de 9 a 14h onde se lle indicará a forma de pago.

9. PRAZO DE INSCRICIÓN.

O prazo de inscrición para as quedas do mes de xullo será do 8 ao 26 de xuño.

O prazo de inscrición para as quedas do mes de agosto será do 1 ao 23 de xullo.

Poderá facerse dende o primeiro día a inscrición para todo o Campamento.

10. FORMA DE PAGO .

Farase por transferencia ou ingreso no número de conta de ABANCA

ES 93 2080 0317 7930 4001 4063

especificando o nome do usuario e a quenda na que participa. Deberase entregar o resgardo do ingreso xunto co resto de documentos que se citan na folia de inscrición.